



Recordatorio de deberes legais ao concello de Santiago de Compostela de que as administracións deben notificar as sancións de tráfico seguindo o procedemento regulado pola lexislación e recomendación de levar a cabo una nova avaliación do expediente

Expediente: V.4.Q/12084/23

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2023

Sra. alcaldesa:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI nº XXX.

No seu escrito indícanos que *“Yo XXX con DNI nº XXX quisiera manifestar mi indignación a través de esta queja, la cual se debe a una multa en el concello de santiago de compostela que nunca llegó al domicilio que debería haberse enviado la notificación, sino que llegó a otro domicilio (que no era el mío) acumulándose así un recargo importante. Mi indignación no es por el pago de la multa inicial (que cometí y no me niego a pagar) sino por el pago del recargo que me parece injusto y el trato recibido en la atención que dejó mucho que desear. Esta multa llegó a un domicilio que no era el mío y así se le comunicó al cartero. Aún así, la notificación regreso a ese domicilio. Ante esta situación y la suma del recargo, envié un recurso y la respuesta que recibí fue ir al contencioso o pagar la multa. Como prueba de que la notificación llegó a ese domicilio que no era el mío se me envió copia del aviso de recibo de notificación que llevaba el cartero en la cual aparecen dos errores importantes:*

*-Aparecer dos direcciones mezcladas las cuales ninguna es correcta y las dos están incompletas.*

*- El cartero marcó la opción “ausente” cuando se le comunicó que la dirección era incorrecta.*

*Además justificaron el pago diciendo que no se había identificado el conductor.*

*Ante esta situación que yo considero injusta y sintiéndome incomprendida y mal atendida, finalmente pagué la multa para no seguir acumulando recargo.”*

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu co seguinte contido:

*O expediente sancionador foi motivado por “Non respectar o condutor dun vehículo a luz vermella dun semáforo”. Vehículo denunciado XXX. Lugar, Praza de España. Data de infracción 03/06/2021. Motivo de non identificación: por medios de captación e reprodución de imaxes.*

*Ao non constar os datos do condutor, consúltase na Dirección Xeral de Tráfico os datos do titular, XXX, con enderezo a efectos de notificacións, en XXX Touro A Coruña.*

*Se efectuaron dous intentos de notificación do requirimento de identificación, por correo certificado, con resultado ausente os días 17 e 18 de xuño de 2021. Publicouse no Boletín Oficial do Estado BOE a notificación do requirimento de identificación con data 23-07-2021.*

*Non foi presentado escrito de identificación de condutor, incumprindo a titular do vehículo coa obriga de facilitar a esta administración, os datos do condutor responsable, sendo debidamente requirido para elo.*

*Se remitiu de novo requirimento, constando dous acuses de Correos dos intentos de notificación de denuncia ao titular, por non identificar ao condutor, os días 11 e 12 de novembro de 2021. Asemade, publicouse no Boletín Oficial do Estado BOE a notificación de denuncia con data 26/01/2022. Non consta a presentación de alegacións nin o pago da sanción.*

*Consta, tamén no expediente un acuse de Correos ca notificación de sanción remitida á titular, por non identificar ó condutor o día 07/06/2022.*

*Neste punto facer fincapé que a notificación de sanción foi entregada e asinada pola propia interesada no enderezo, que agora manifesta na queixa que non é correcto, en XXX), Touro.*

*A interesada presentou recurso de reposición, en tempo e forma.*

*A resolución sancionadora do recurso de reposición ditada polo Concelleiro de mobilidade, en data 27 de febreiro de 2023 foi notificada á interesada, constando acuse de Correos de notificación desta resolución con data 09/03/2023. Ademais, efectuouse o pago da sanción.*

*En canto ó enderezo no que se intentaron as notificación, ten que sinalarse que era o que constaba, na data de denuncia (03/06/2021), na base de datos da Dirección Xeral de Tráfico, XXX Touro.*

*As notificacións relativas ó presente expediente sancionador practicáronse segundo establecido na Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, onde se establece como enderezo a efectos de notificacións “aquel que expresamente se indicara ou no seu defecto, o que figure nos rexistros de condutores e infractores e no de vehículos respectivamente. Tanto os titulares de vehículos como de permisos de conducir están obrigados a comunicar os cambios de enderezo”.*

*Ademais, tal e como se ten exposto, constan acuses de recibo das notificación remitidas por correo certificado á interesada na dirección indicada e asinados ditos acuses pola propia cidadá que formula a queixa.*

*En canto a forma de practicarse a notificación, todas as notificacións que constan no expediente foron practicadas cumprindo tódolos requisitos establecidos no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que dispón ó efecto: “Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada ésta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado.”*

*A vista de toda a documentación obrante no expediente queda constancia de que o procedemento en vía voluntaria foi realizado conforme ao legal e regulamentariamente establecido.*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA. A queixa trae causa polo desacordo da interesada no proceso de notificación dunha sanción por parte dese concello, proceso no que se remitiu, segundo se indica no escrito de queixa, a unha dirección que non se correspondía coa dela nin coa do vehículo, o requirimento de identificación de quen conducía o mesmo. Así mesmo, alega a interesada que a segunda notificación fíxose tamén a un enderezo erróneo provocando indefensión e un prexuízo económico porque nin puido identificar ao condutor nin se lle atendeu ao recurso presentado con data 13 de xuño de 2022.

Pola súa banda, o concello informa que a notificación primeira fíxose en tempo e forma, no enderezo que figuraba na DGT: “(..) con resultado ausente os días 17 e 18 de xuño de 2021. Publicouse no Boletín Oficial do Estado BOE a notificación do requirimento de identificación con data 23-07-2021(..)”. Así mesmo, sinala o escrito da administración que “(..) Se remitiu



*de novo requirimento, constando dous acuses de Correos dos intentos de notificación de denuncia ao titular, por non identificar ao condutor, os días 11 e 12 de novembro de 2021. Asemade, publicouse no Boletín Oficial do Estado BOE a notificación de denuncia con data 26/01/2022.(..)*”.

Finalmente o concello sinala que *“Consta, tamén no expediente un acuse de Correos ca notificación de sanción remitida á titular, por non identificar ó condutor o día 07/06/2022”*e que o enderezo utilizado para as notificacións foi o mesmo ao que se achegaron as primeiras notificacións.

SEGUNDO. A interesada achega copia do permiso de conducir co enderezo que figura nel: *XXX, Sigüeiro, Oroso*. Así mesmo aporta certificado de padrón no mesmo enderezo.

Xunto ao anterior achega ficha do vehículo sancionado na DGT. En dita ficha figura o mesmo enderezo de Sigüeiro citado anteriormente. Tamén na DGT, nos datos da interesada, figura o enderezo en cuestión.

Achégase, por parte da interesada, copia dos recibos de Correos nos que figuran os dous intentos de entrega das notificacións con datas 17 e 18 de xuño de 2021 en horarios distintos. O enderezo no que se tentou a entrega e que figura nos recibos é o seguinte: *XXX, Sigüeiro, Oroso, 15822 Touro*.

Así mesmo apórtase copia da notificación da sanción imposta polo concello de Santiago de Compostela con data 07/06/2022, sanción cun importe de 600 euros, cualificada como moi grave por non identificar ao condutor do vehículo infractor. O enderezo que figura é o seguinte: *XXX Touro*.

Finalmente, achégase por parte da interesada copia do recibo desta multa abonada, esta vez co enderezo *XXX, Sigüeiro, Oroso*.

TERCEIRO. Os artigos 89, 90 e 91 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria regulan o procedemento para a notificación das denuncias.

O artigo 87 da mesma norma dispón os datos que deben incluír os boletíns de denuncias; entre estes datos figura:

*“f) O domicilio que, no seu caso, indique o interesado a efectos de notificacións (..)”*



Porén, da documentación achegada pola interesada dedúcese que os domicilios que figuran en ditas notificacións non se corresponden co existente na DGT ou conteñen erros nos que se mesturan dous enderezos mesmo de concellos distintos.

## CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

***As administracións competentes debe notificar as sancións de tráfico seguindo o procedemento disposto no Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria***

E a seguinte **recomendación**:

***En atención ao recollido nas consideracións anteriores, levar a cabo unha nova avaliación do expediente e do recurso presentado pola interesada.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.



María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo